



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

INSTITUTO DE ENSINO SECUNDARIO "SAN CLEMENTE"
C/. San Clemente, s/n. • 15705 Santiago de Compostela
Teléfonos 981 58 04 96 - 981 58 03 66 • Fax 981 57 21 90
e.mail: ies.sanclemente@edu.xunta.es
www.ies.sanclemente.net



PLAN DE ORIENTACIÓN

Curso 2020-2021

INDICE

1.	Introdución	3
2.	Xustificación baseada no contexto.	3
3.	Análise de necesidades	4
4.	Obxectivos xerais	5
5.	Planificación xeral e accións prioritarias	6
	• Plan de Atención á Diversidade	8
	• Plan de Orientación Académica e Profesional	17
	• Plan de Acción Titorial	19
6.	Estratexias de intervención	20
7.	Avaliación do Plan de Orientación	21
8.	Actividades Complementarias e Extraescolares	22

1. Introducción.

O Plan de Orientación que presentamos parte da necesidade de establecer un documento que recolla as actuacións que se van levar a cabo ao longo do actual curso escolar 2020-21 en relación aos distintos ámbitos de actuación que abarca a orientación, entre os que cabe destacar o Plan de Acción Titorial (PAT) o Plan de Orientación Académico Profesional (POAP) así como o Plan Xeral de Atención á Diversidade e tendo presente a actual situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19

Este documento serviranos de guía para planificar actuacións encadradas nun modelo de orientación baseado maioritariamente en **programas**, así como un modelo de **asesoramento** en colaboración coa comunidade escolar e os axentes externos, coa finalidade de dar resposta ás necesidades educativas e de orientación profesional tendo en conta a identidade do centro, referente da educación de adultos a distancia telemática na nosa comunidade.

Para a elaboración deste Plan seguiremos as directrices establecidas na Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) así como as conclusións establecidas na memoria final do curso anterior introducindo as variables derivadas da actual situación de pandemia.

A labor do Departamento de Orientación estará baseada na lexislación vixente dentro do marco da LOMCE, así como no Decreto 120/98 polo que se regula a orientación educativa e profesional na nosa comunidade e na Orde 24 de 1998 polo que establece a organización e o funcionamento da orientación educativa e profesional en Galicia.

2. Xustificación baseada no contexto.

No centro IES San Clemente, impártense varias etapas educativas, tanto no réxime ordinario como no réxime das persoas adultas e conta coas modalidades presencial e a distancia.

A educación de persoas adultas, está dirixida a persoas maiores de 18 anos e ten como finalidade ofrecer a posibilidade de adquirir, actualizar, completar ou ampliar os seus coñecementos e aptitudes, para o seu desenvolvemento persoal e profesional.

A poboación reclusa ten garantido o acceso a estas ensinanzas e excepcionalmente, persoas menores de idade en diferentes situacións e condicións acreditadas poden cursar estas ensinanzas, isto leva a que o IES San Clemente teña un abano de situación educativas e persoais moi amplo e diverso.

Para o curso académico 2020-21, darase continuidade ao traballo dos cursos anteriores, actualizando e adaptando as respostas ás demandas e necesidades educativas e de orientación profesional á situación actual para cada unha das etapas educativas.

Composición do departamento de orientación:

En cumprimento dos artigos 1º e 3º e da Disposición Transitoria 3ª e 4ª do Decreto 120/1998, de 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade de Galicia, constitúese o **Departamento de Orientación do IES San Clemente**, cos seguintes membros:

- **Emilia E. Lamelas Fariña, Xefa do Departamento de Orientación.**
- **Raúl Fuentes Oñoro, Xefe do Departamento de Formación e Orientación Laboral.**
- **Emiliano M. Gómez Vázquez, Xefe do Departamento de Informática.**

Como se sinala no artigo 13.2 da Orde do 24 de xullo de 1998, os membros do departamento de orientación con destino no propio centro celebrarán reunións semanais na hora destinada para tal fin no seu horario. A hora fixada para dita reunión é os venres de 12:55 a 13:45.

3. Análise de necesidades.

Para contextualizar a programación ás necesidades do curso 2020-2021, levamos a cabo os seguintes pasos:

1. Revisión da Memoria do Departamento de Orientación do curso anterior.
2. Revisión dos documentos do centro PEC, PXA, Plan de Adaptación Covid-19.
3. Análise e avaliación de documentos de cursos anteriores tales como actas de reunións de departamento, indicacións da comisión de coordinación pedagóxica e memoria do departamento.
4. Revisión dos rexistro das reunións coas institucións do contorno social e cultural da zona: outros centros educativos, servizos sociais do concello, centros penitenciarios, Proxecto Home, Cámara de Comercio, Fundación Empresa Universidade (FEUGA), Equipos de Recursos humanos, concellos e brillat.
5. Participación nas Avaliacións Iniciais das diferentes etapas educativas.

A partir da análise da situación actual, iremos adaptando a programación ás demandas que poidan ir xurdindo, de acordo cos diferentes ámbitos da orientación educativa e profesional de intervención.

4. Obxectivos xerais:

Para a totalidade do alumnado do Centro:

- Desenvolver unha orientación académica e profesional axeitada que permita ao alumnado a elaboración dun proxecto persoal realista e axustado aos seus intereses, aptitudes e necesidades.
- Dispor medidas de atención á diversidade faciliten realizar unha resposta educativa de calidade axustada ás necesidades, intereses e circunstancias de todo o alumnado do centro

- Realizar unha orientación persoal e de grupo que permita mellorar os procesos de integración, de identidade persoal, de relación e de mantemento da motivación e do esforzo necesarios para culminar con éxito o proceso de aprendizaxe.
- Desenvolver unha acción titorial coordinada e de calidade que incida na personalización do ensino e contribúa á prevención das dificultades de aprendizaxe do alumnado axustando o proceso educativo ás súas características e circunstancias.

Orientados ao alumnado adulto e modalidade a distancia:

- Prestar os apoios precisos para que o alumnado poida adquirir, actualizar, completar ou ampliar os seus coñecementos e aptitudes para o desenvolvemento persoal e profesional.
- Facilitar o acceso aos diferentes niveis do sistema educativo.
- Axudar ás persoas adultas a mellorar a súa cualificación profesional e a adquirir unha preparación para o exercicio dunha profesión.
- Axudar a adquirir novos conceptos, técnicas e habilidades para unha mellor adaptación aos cambios do mundo actual.
- Desenvolver a capacidade de participación na vida social, cultural, política e económica da súa contorna.
- Responder aos desafíos que supón o avellentamento da poboación e dar a oportunidade ás persoas maiores de incrementar e actualizar as súas competencias dixitais, comunicativas e profesionais.
- Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres así como o análise crítico das desigualdades entre os mesmos.
- Promover no alumnado adulto e a distancia a capacidade de autorregular a propia aprendizaxe e autoorientación.

5. Planificación xeral e accións prioritarias.

Tendo en conta os obxectivos para o presente curso, considéranse prioritarias as seguintes accións:

ACCIÓNS	TEMPORALIZACIÓN
Constitución do Departamento de Orientación.	Setembro
Asesoramento e colaboración na elaboración dos documentos que conforman o Proxecto Educativo de Centro.	Todo o curso.
Recollida de información titorial.	Setembro - Outubro
Elaboración do Plan Anual de Orientación.	Setembro - Outubro
Revisión de alumnos/as con NEAE.	Todo o curso
Participar na avaliación inicial para a adscrición do alumnado ao nivel e ao módulo correspondentes da educación de adultos e realizar as entrevistas persoais que sexan precisas para tal fin.	Setembro e xaneiro
Exploración Psicopedagóxica.	Todo o curso
Asesoramento e colaboración na solicitude da flexibilización modular para o alumnado de Formación Profesional.	Setembro- Outubro
Asesoramento e coordinación na solicitude e desenvolvemento de adaptación de exames na educación de persoas adultas na modalidade a distancia.	Cando se produza a demanda.
Colaboración na organización e selección do alumnado que participa no Programa Erasmus+.	Ao longo de todo o curso.
Promoción de estratexias para a mellora da convivencia no centro.	Ó longo do curso.

Colaboración e asesoramento a departamentos na atención á diversidade.	Todo o curso
Elaboración de material de atención á diversidade.	Todo o curso
Atención individual ao alumnado.	Todo o curso
Atención ás familias do alumnado menor de idade, que de forma excepcional está matriculado no centro.	Todo o curso.
Información académica e profesional ao alumnado de ESA, Bacharelato e Ciclos Medios e Superiores.	Todo o curso pero especialmente ao finalizar o mesmo.
Coordinación co profesorado titor.	Todo o curso
Asesoramento ao profesorado.	Todo o curso
Relación con outras institucións.	Todo o curso.
Participar nas sesións de avaliación .	Todo o curso.

PLAN DE ATENCION Á DIVERSIDADE.

Neste apartado imos seguir a estrutura que o Decreto 229/2011 do 7 de decembro, no artigo 12, propón para a elaboración do plan xeral de atención á diversidade.

a) Xustificación baseada no contexto.

A educación de Persoas Adultas, e máis especialmente a modalidade a distancia telemática, é en si mesma unha medida de apoio específica na promoción da igualdade de oportunidades das persoas e convértese nunha resposta as dificultades de acceso ao sistema educativo para os sectores sociais máis vulnerables e desfavorecidos, contribuíndo a paliar as dificultades de acceso por dispersión demográfica do mundo rural e as dificultades de acceso de colectivos minoritarios, promocionando a igualdade das mulleres en determinados núcleos sociais.

A pesar do anterior, en moitas ocasións, a gran diversidade da poboación adulta fai necesario axustar medidas específicas de atención á diversidade, que son as que pasamos a desenvolver neste plan.

b) Identificación e valoración das necesidades.

O desenvolvemento das medidas para atender ás necesidades educativas contempla á totalidade do alumnado matriculado no Centro, tanto de maneira presencial como a distancia.

Segundo a Lei Orgánica de Educación (LOE) de 2006, modificada pola Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) de 2013, o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, é aquel que presenta:

- Necesidades educativas especiais asociadas a discapacidade física, psíquica ou sensorial, ou trastorno grave de conducta.
- Altas capacidades intelectuais.
- Necesidades derivadas dunha incorporación tardía ao sistema educativo.
- Dificultades específicas de aprendizaxe.
- Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH)

Unha vez detectadas as necesidades do alumnado, o departamento de orientación colaborará co profesorado na atención das mesmas, elaborando propostas para facilitar a consecución dos obxectivos educativos que posibiliten o desenvolvemento persoal e profesional dos mesmos.

O departamento de orientación, asesorará sobre o tipo de intervención máis axeitada dentro das medidas ordinarias de atención á diversidade e informará sobre medidas de carácter extraordinario, se fosen necesarias, participando na súa programación, organización e seguimento.

Determinación dos obxectivos.

Debemos destacar a importancia de facilitar a participación a toda a comunidade educativa, que se encargará de analizar, avaliar e dar unha resposta axeitada á variedade do alumnado.

Dentro deste Plan temos como obxectivos:

- Actuar de maneira coordinada entre os diferentes profesionais para dar unha resposta axeitada á diversidade do alumnado.
- Asesorar ao profesorado na utilización dunha metodoloxía acorde ás características do centro, co fin de proporcionar unha resposta educativa axeitada e de calidade, tendo en conta as necesidades e intereses do alumnado, con especial atención á educación de adultos e a distancia.
- Informar e guiar ao alumnado que se presenta á avaliación inicial para a adscrición aos niveles e módulos da educación de adultos tendo en conta as súas necesidades e características.
- Facilitar información e orientación ao profesorado en relación ás dificultades e circunstancias do alumnado e servir de guía na avaliación dos mesmos.
- Manter contacto e colaboración co Equipo de Orientación específica provincial en relación aos casos que así o requiran.
- Manter coordinación cos mestres dos diferentes obradoiros e cos titores de centros con alumnado en réxime de internado (Proxecto home, Amalgama 7, Campus Unidos...) para coordinar a atención á diversidade dos mesmos.
- Contribuír á prevención das dificultades de aprendizaxe do alumnado desenvolvendo as medidas de atención a diversidade que fosen precisas para atender á totalidade do mesmo.

O noso centro contempla como obxectivos específicos na atención a diversidade das persoas adultas:

- Contribuír a reducir os riscos de exclusión social, especialmente nos sectores máis desfavorecidos.
- Asegurar ás persoas de maior idade a posibilidade de aumentar e actualizar as súas competencias.
- Fomentar a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres.

d) Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade.

O IES San Clemente en relación ás **medidas ordinarias** de atención á diversidade, conta coas seguintes:

-Adecuación da estrutura organizativa do centro e da organización e xestión da aula tanto presencial como virtual ás características do alumnado.

- Desenvolvemento da avaliación inicial para a adscrición do alumnado ao nivel e o módulo correspondente da educación de adultos e realización de entrevistas persoais para a proposta de itinerarios formativos.

-Adecuación das programacións didácticas ás características do alumnado do centro, tendo en conta especialmente as características do alumnado adulto e a distancia.

-Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

*E como **medidas extraordinarias** de atención á diversidade:*

-Flexibilización modular nos ciclos formativos (Orde do 27 de decembro de 2007)

- Adaptación de exames na educación de persoas adultas na modalidade a distancia, previa autorización da inspección educativa.

e) Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.

O centro conta cun departamento orientación que, axusta continuamente a resposta educativa ás necesidades individuais e grupais .

Determinación dos criterios para a Flexibilización Modular.

Para levar a cabo esta medida no caso de alumnado menor de idade, precisarase a conformidade expresa do pai e nai ou a de quen teña asignada a súa representación legal e a súa propia, no caso de que sexa maior de idade.

Esta actuación, estará determinada segundo as necesidades do alumnado, a proposta do equipo docente e co asesoramento do departamento de orientación.

Determinación dos criterios para a adaptación dos exames de persoas adultas na modalidade a distancia.

Para levar a cabo esta medida precisase a solicitude por escrito do alumno e conformidade expresa do pai, nai ou titor legal no caso de alumnado menor de idade.

Esta medida está precedida pola elaboración dun informe do caso coa solicitude de intervención do especialista correspondente do Equipo de Orientación Específica provincial, para esta intervención é necesaria a autorización da Inspección educativa.

Unha vez autorizada a medida, o centro procederá a desenvolvela co asesoramento do Equipo de Orientación Específico e co Departamento de Orientación do Centro.

f) Medidas Plan COVID para alumnado de NEAE.

- Alumnado con dificultades auditivas: o profesorado/titor asegurarse de que este alumnado está informado e comprende o protocolo COVID do centro, solucionando as posibles dúbidas. O interprete de lingua de sinos tamén coñecerá e aplicará o protocolo COVID do centro.
- Alumnado con dificultades motoras: na organización dos espazos teranse en conta os problemas de mobilidade, o uso de cadeiras de rodas ou outros instrumentos en relación co incremento da distancia de seguridade entre as persoas. No caso de que nos desprazamentos polo centro se toquen muros, pasamáns ou obxectos, deberase estar atento para a desinfección destes lugares. O persoal coidador axudará ao alumnado asignado a cumprir o protocolo COVID e asemade tamén deberá cumprilo.
- Alumnado con dificultades visuais: o profesorado/titor asegurarse de que este alumnado coñeza o protocolo COVID do centro e identifique os espazos no centro nos que se vai manexar, especialmente os lugares de entrada, saída e evacuación do centro. Deberase procurar axudalos a gardar a distancia de seguridade e evitar tocar muros, pasamáns e obxectos nos

desprazamentos polo centro, no caso de que ocorra, deberase estar atento para a desinfección destes lugares.

Para o alumnado de educación a distancia, durante os exames presenciais ou visitas ao centro, procurárase o acompañamento no coñecemento da aula de exame e dos espazos comúns do centro (aseos).

g) Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación ás medidas deseñadas para o centro.

Actuacións dos profesionais na **Flexibilización modular.**

A dirección do centro presentará a oportuna solicitude ao servizo territorial de inspección correspondente. Esta acompañarase da seguinte documentación:

- Informe que xustifique a necesidade da medida, elaborado polo departamento de orientación do centro.
- Conformidade expresa dos pais ou tutores legais do alumno/a ou a súa propia.
- Fotocopia compulsada do libro de escolaridade ou de cualificacións, se procede, ou certificación académica.
- Proposta da nova distribución horaria e as oportunas medidas de reforzo educativo.

Actuacións dos profesionais na adaptación dos exames de persoas adultas na modalidade e a distancia

A Xefa do Departamento de Orientación, a través da dirección do centro, presentará unha ficha de solicitude de intervención do Equipo de Orientación Específico (EOE). A ficha de solicitude especificará e concretará a demanda e deberá contar co Vº e Prace da Inspectora do Centro.

Si é o caso de solicitude de profesor/a de atención domiciliaria, a orientadora solicitará á xefatura territorial a dotación deste profesional antes da data dos exames

Actuacións dos profesionais en relación ao plan COVID

* O persoal coidador debe coñecer e aplicar o protocolo COVID do dentro e prestará especial atención en aplicar as medidas de protección individual axeitadas, especialmente cando acompañe ao alumnado ao aseo.

* A intérprete de lingua de signos coñecerá e aplicará o protocolo COVID do centro, asegurándose asemade de que o alumnado con dificultades auditivas o coñeza, especialmente de cara a cumprilo durante os exames presenciais ou cando acuda ao centro.

- O profesorado de atención domiciliaria, seguirá as medidas xerais establecidas no protocolo COVID prestando especial atención á aplicación das medidas de protección individual axeitadas no domicilio do alumno ou da alumna.

g) Mecanismos de coordinación e colaboración internos.

Desenvolverá principalmente a través de:

- A coordinación entre o profesorado e o titor/a do grupo, responsable este último da mediación do alumnado cos demais membros da comunidade educativa. O intercambio de información entre estes axentes debe ser fluído e facilitador.

- A coordinación entre o profesorado titor e o departamento de orientación, aportando este último o asesoramento necesario para facilitar o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.

- A coordinación entre os xefes de departamento e o departamento de orientación.

h) Canles de colaboración coas nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado menor de idade e cos diferentes servizos externos ao centro.

O Departamento Orientación atenderá aos pais ou titores legais do alumnado menor de idade, como medio de intercambio de información e asesoramento sobre o proceso educativo dos seus fillos no horario de orientación.

Deberase procurar que se manifeste con tempo a intención de manter a entrevista para poder recadar a información pertinente.

Colaboración con diferentes servizos externos ao centro:

- Colaboración con distintas asociacións, gabinetes psicopedagóxicos, servizo de psiquiatría do CHUS, etc, na actuación e seguimento do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Colaboración cos Servizos Sociais do Concello (educadora familiar e traballadoras sociais) en relación á problemática de alumnado con situacións sociofamiliares desfavorecidas.
- Colaboración coas Asociacións de Empresarios da contorna, especialmente a través dos convenios asinados para que o noso alumnado realice o módulo de FCT.
- Colaboración con diferentes entidades como FEUGA (Fundación Empresa Universidade), Cámara de Comercio de Santiago de Compostela, ETTs, e outras organizacións da contorna programando actividades para darlle a coñecer ao alumnado diferentes posibilidades en relación coa inserción laboral.
- Colaboración cos mestres dos diferentes obradoiros adscritos ao noso Centro (Proxecto Home, Itinera, Concellos...)

i) Procesos de seguimento, avaliación e memoria.

A avaliación realizarase a finais de curso por parte do departamento de orientación, que realizará unha memoria da implementación do plan e das modificacións introducidas.

k) Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias.

Protocolo de autorización para a **flexibilización modular:**

CONFORMIDADE DE FLEXIBILIZACIÓN MODULAR

D/D^a _____

con DNI _____

Autorizo acollerme á medida de flexibilización modular recollida na ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

Para que así conste asino:

Santiago de Compostela a ____ de _____ de 20__

Protocolo de autorización para a **adaptacións dos exames de educación de persoas adultas na modalidade a distancia:**

SOLICITUDE DE ADAPTACIÓN

D/D^a _____
con DNI _____

Solicito que se adapten as probas de avaliación do centro de acordo ás miñas necesidades específicas de apoio educativo.

Para que así conste asino:

Santiago de Compostela a ____ de _____ de 20__

PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

A orientación académica na Formación profesional e na educación das persoas adultas comeza no momento mesmo do acceso a estas ensinanzas e continúa ao longo de todo o desenvolvemento da formación do alumno. Na educación de persoas adultas e sobre todo no momento de incerteza laboral actual motivado pola pandemia derivada do COVID-19, é fundamental facilitar a elaboración dun itinerario formativo a todo o alumnado que o solicite, previa valoración inicial dos seus coñecementos previos (educación regrada, non regrada e experiencias laborais e sociais) , expectativas, intereses e necesidades.

OBXECTIVOS:

- Contribuír a que a orientación académica e profesional se desenvolva como un proceso de axuda continua para todo o alumnado, tanto de maneira presencial como a distancia e promover a aprendizaxe ao longo da vida.
- Desenvolver unha orientación individualizada e diversificada en relación ás características persoais do alumnado (intereses, motivacións, capacidades e necesidades) que faciliten a toma de decisión do alumno e a elaboración dun itinerario formativo axeitado para unha adecuada inserción laboral.
- Favorecer a apertura do centro ao contorno produtivo e a colaboración de toda a comunidade educativa na difusión das diferentes accións relacionadas co desenvolvemento profesional e laboral que poidan contribuír a inserción e integración laboral do alumnado.
- Potenciar a labor orientadora entre o profesorado, asesorando e aportando a información e instrumentos necesarios para facilitar a progresión persoal e profesional do alumnado.
- Promover a participación das familias no desenvolvemento das actuacións, enmarcadas dentro do ámbito da orientación académica e profesional do alumnado menor de idade.

ACTUACIÓNS PRIORITARIAS:

- Desenvolvemento, a través da sección de orientación da páxina web do centro en colaboración co departamento de FOL, de información actualizada sobre as diferentes saídas profesionais, técnicas de busca de emprego, elaboración do currículum vitae, entrevista persoal, espírito emprendedor e autoemprego...
- Realizar co alumnado que o solicite asesoramento individualizado sobre orientación académica e profesional para a elaboración do itinerario formativo.
- Deseño de actividades que faciliten o coñecemento de si mesmo (aptitudes, intereses, valores, necesidades de formación...) propostas a través da aula virtual, para facilitar o proceso de toma de decisións e a mellora da empregabilidade do alumnado.
- Realización de charlas informativas, presentacións e gravacións sobre orientación académica e profesional, dirixidas ao alumnado da ESA, Bacharelato e Formación Profesional.
- Facilitar información ás persoas que o soliciten sobre o procedemento de acreditación de competencias profesionais e a posta en valor dos coñecementos formais e non formais, a fin de contribuír á capitalización dos seus saberes e ao fomento da aprendizaxe ao longo da vida.
- Desenvolvemento a través da aula virtual de información actualizada sobre itinerarios formativos e profesionais (modalidades de bacharelato, oferta de ciclos formativos e acceso a ciclos, ABAU, probas de acceso a diferentes estudos...)
- Actualización constante da información de interese académico e profesional da aula virtual (estrutura do sistema educativo, modalidades de bacharelato, oferta de ciclos formativos e acceso a ciclos, ABAU, probas de acceso a diferentes estudos, diferentes posibilidades de formación...).
- Colaboración cos diferentes axentes educativos e do contorno produtivo na difusión de información en relación á diferentes saídas profesionais e formativas para o alumnado.

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

OBXECTIVOS:

- Favorecer a participación do alumnado no contexto escolar tanto de maneira presencial como a través da aula virtual para o alumnado de educación a distancia, a fin de facilitar a relación coa comunidade educativa e co centro.
- Axudar individual e colectivamente ao alumnado na adopción de hábitos e estratexias apropiadas para o estudo e a organización do traballo, de acordo coas características singulares da súa situación persoal.
- Contribuír á personalización do ensino, proporcionando información relevante do alumnado recollida no Departamento de Orientación e procurando unificar criterios para unha acción coordinada e unha atención educativa de calidade que teña en conta as características, tanto individuais como colectivas, dos grupos aos que se dirixe.
- Impulsar o desenvolvemento psicosocial do alumnado dotándoo de ferramentas e habilidades que lle permitan participar e integrarse nunha sociedade plural e en continuo cambio como a actual.
- Potenciar a acción titorial e acción coordinada do equipo educativo, asesorando ao profesorado no exercicio das súas función e proporcionando os materiais que precisen para unha acción titorial de calidade, especialmente na educación de persoas adultas.

ACTUACIÓNS PRIORITARIAS:

Como actuación prioritaria para o curso 2020/2021 inclúese que cada titor/a debe asegurarse de que o alumnado entende e coñece o protocolo COVID do centro, solucionando as posibles dúbidas.

- Actualización do PAT como documento do centro seguindo as directrices da CCP e aprobación do Claustro de profesores/as.
- Recollida de información individual e grupal a través dos cuestionarios de recollida de información e de entrevistas persoais, telefónicas ou a través da aula virtual, si fose preciso.

- Proposta de actividades a través da aula virtual encamiñadas a procurar o autoconñecemento do alumnado e identificar as súas debilidades e fortalezas a fin de procurar solucións construtivas que lle sirvan para desenvolver o seu proxecto de vida.
- Proposta de actividades que promovan as habilidades metacognitivas e o uso estratéxico das técnicas de estudo e traballo intelectual a través da aula virtual.
- Proporcionar a través da aula virtual recursos e tarefas que axuden a traballar diferentes dificultades que pode presentar sobre todo o alumnado de educación de adultos (memoria, atención...)
- Facilitar información sobre o alumnado e asesoramento ao profesorado en aspectos psicopedagóxicos, estratexias metodolóxicas, etc; procurando a coordinación das acción e a unificación de criterios.
- Colaborar cos servizos de emprego, sociais e de saúde no seguimento das necesidades específicas do alumnado do centro.
- Colaborar cos servizos externos que promovan actuacións de prevención nos centros educativos e participar nas actividades organizadas desde os mesmos.

6. Estratexias de intervención.

Para a implementación do Plan de Orientación será necesario establecer canles de coordinación entre todos os membros da comunidade educativa a través dos diferentes mecanismos para tal efecto, reunións de titores, comisións de coordinación pedagóxica, claustros, reunións do departamento de orientación, así como con todos os servizos externos cos que podemos colaborar.

Os recursos que se van empregar son tanto materiais como humanos. O departamento de orientación aínda que conta con pouco material bibliográfico e tecnolóxico, intentará cubrir as necesidades ao longo do curso para posibilitar o asesoramento e a difusión da información que se considere necesaria para cubrir as necesidades de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe, a orientación académica e

profesional e a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Os recursos temporais dedicados á Orientación no Centro son de 23 horas á semana. Neste tempo hai que atender a organización do departamento, reunións co profesorado titor, atender ao alumnado e se fose necesario ás súas familias, ao profesorado que o solicite e elaborar toda a documentación oficial.

7. Avaliación do Plan de Orientación.

A avaliación do Plan de Orientación terá carácter continuo e formativo, de maneira que se consiga axustar ás necesidades reais de orientación do centro.

Como criterios xerais de avaliación teremos en conta:

- A consecución dos obxectivos xerais do mesmo.
- A constatación da integración do departamento na dinámica xeral do centro.
- A constatación da satisfacción da Comunidade Educativa da utilidade da orientación levada a cabo.
- Ao remate do curso escolar avaliarase o Plan Anual de actividades e quedará plasmado na Memoria, onde se reflectirá o nivel de consecución de obxectivos previstos, as modificacións introducidas, as dificultades atopadas, os aspectos que incidan positiva ou negativamente no desenvolvemento do mesmo e as conclusións e propostas de mellora para o curso seguinte.

8. Actividades Complementarias e Extraescolares.

Desde o Departamento de Orientación e en colaboración co Departamento de Formación e Orientación Laboral e o de Informática, elaboramos anualmente un Plan de Actividades Complementaria e Extraescolares, programando unha serie de actividades para realizar co alumnado de Formación Profesional.

No momento de actual de pandemia motivada polo COVID-19 e logo de reunión do Departamento de Orientación en data 29/09/2020, seguindo as instrucións recollidas no documento PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2020-2021, que indica no seu punto 3. Medidas xerais de protección individual:

“3.5. Evitaranse aquelas actividades no centro educativo que supoñan a mestura do alumnado de diferentes grupos de convivencia ou clases, así como as que exixan unha especial proximidade.”

Decídese:

Pospoñer a realización de actividades complementarias e extraescolares ata que a situación epidemiolóxica o permita ou xurdan outras instrucións ao respecto.

De ser o caso poderanse realizar actividades preferentemente por medios telemáticos evitando en todo caso a xuntanzas.